

Nai

mira nai
aquí tes ao teu fillo
coas pernas en alto
e a cabeza en anacos polo chan
—tiñas razón cando falabas
desa inclinación miña a dobrarme—

mira todo o que medrei
cara abaixo
para facerme un home

se xa me esgazon a carne dos beizos
se xa me crebaron o corazón cos cotenos
se xa formaron unha ringleira para me desfacer por dentro

mírame nai
cos dentes á altura dos seus sexos
son máis grande
ca nunca

segundo miña nai son un malmandado
pero só dende que teño pelos nas pernas

porque non aprendín a me sentar á mesa
porque acaso deixo a boca demasiado aberta
porque esperto cada mañá cos zapatos rotos

non sabe da miña condición de predador
nin deses berros que escoitaron os veciños
a noite que bailei cunha rolada enteira de lagartos

non sabe que por moito que me afeite
soamente obedecerei a quen saiba gobernarme
co fío da lingua

que diría o irmán de miña nai
sempre interesado nas miñas proezas
—*cantas mozas tes*—
deixándome en herdo o seu galanteo
as súas prodixiosas dotes para a sedución feminina
que diría meu tío se vise
como me penetran cinco homes en soños

Si mi madre supiera que su hijo quiere ser madre

ÁNGELO NÉSTORE

se eu puidese fecundar a Ángelo Néstore
el podería cumprir o seu soño de ser nai
rifariamos porque el querería unha nena e eu un neno
gozariamos das marabillas do sexo sen protección
pintariamos xuntos a parede do cuarto
a pobre criatura tería un papá e unha mamá
pero catro avós contentos

de miña nai herdei
un estómago fráxil
as chaves do xineceo
certa propensión ao sacrificio

eu renego da capacidade de xerar
algo vivo
a partir do meu corpo

gustaríame ser o máis ermo dos desertos
que me habitasen para sempre os infértiles

mirar cara a outro lado e rir
cando os demais me pregunten

*onde irán os meus fillos
cando saian da casa?*

miña nai achégase
co seu andar de intendente
e dime que non me queixe
que teño *unha vida normal*

eu penso nas oracións de antes de ir durmir
nas mañás de educación pública e de calidade
nas tardes xogando ao fútbol no parque
—cando de porteiro xa rogaba *non vale furar*—
ergo a cabeza míroa aos ollos e respondo

levo toda *unha vida normal* traballando duro
para poder dicir *teño motivos para queixarme*

antes de desaprender a palabra nai
para que xamais a articule a miña estirpe

velaquí a túa derradeira encomenda *mamá*
entregar o teu morgado á súa propia evidencia:

o meu fillo nunca poderá ser
un fillo de puta